



UN

II  
ED

CAMINO

BEN

RESIDENCIAS  
CONCERTOS  
VISITAS


TEMPE

a clásica

REAL MOSTEIRO  
DE OIA  
6-9 SET 2023

RADO

# a clásica



# UN CAMIÑO ► ► BEN TEMPE ► ► ► RADO

Un camiño ben temperado

Programación e dirección artística: Manuel Martínez Torres  
Organiza: Orquesta Clásica de Vigo  
Asesoramento artístico: Andoni Conde, Thiago Vaz e Mariña García-Bouso  
Textos: Manuel Martínez Torres  
Deseño e imaxe: Carmen Itamad Cremades Romero  
Revisión lingüística: Silvia Penas

Agradecementos: Kaleido, Fundación Bretal, Daniel Goberna, Sarah Barbará e todos os e as participantes desta residencia piloto.

Depósito Legal: VG 520-2023

Tras unha primeira edición que percorreu o camiño portugués da costa en sentido inverso para celebrar o ano xacobeo, neste 2023 retirámonos ao Real Mosteiro de Oia para retomar a programación de músicas fascinantes enmarcadas baixo o paraugas da interpretación historicamente informada.

O Real Mosteiro de Oia e a igrexa serán o centro deste festival motivado pola grandeza que se agocha tras os seus muros de pedra. Un conxunto patrimonial único que impresiona pola súa historia, contorna e importancia estratéxica e que estende as súas raíces á Idade Media, destacando o seu poderoso e sorprendente carácter actual e transfronteirizo. Capas de tempo superpostas que percorrерemos nesta semana seguindo os principios da interpretación historicamente informada para tecer un programa que conxugue territorio, historia e reflexión, que configure un paralelismo entre a historia do mosteiro e da música a través da interpretación en vivo.

Nesta edición, a danza será o fío conductor destas catro xornadas de festival. Grazas a ela exploraremos o patrimonio e levaremos a música aos distintos espazos que conforman o mosteiro; Integrando música e danza de xeito natural coa vontade de celebrar a importancia da danza para a configuración e comprensión deste estilo. Unha acción que permite á súa vez descubrir e celebrar o patrimonio, xerando así lecturas novidosas nesa confluencia.

Nesta visión netamente contemporánea, a creatividade, forza esencial humana, terá un papel fundamental, presentando unha residencia artística para a creación na música antiga, tecendo un todo baixo os conceptos de *site specific*. Búscase así xerar un marco para a creación en vivo desta arte baseado no proceso a través da reflexión e a relación directa co espazo, o territorio e a historia da arte. Neste proceso colaborativo converteremos o mosteiro nun labirinto aberto ás propostas e á experimentación en oposición ás ideas fixas que rematará o sábado cun concerto no que participará a Orquesta Clásica de Vigo guiada pola agrupación residente I Colori dell'Armonia e acompañada polos integrantes da residencia nun verdadeiro contexto de intercambio artístico.

Un camiño ben temperado procura rachar coa rutina do cotián, traballando coas audiencias nun marco de reflexión e emoción para descubrir o novidoso do antigo a través da escoita dun repertorio que non perde actualidade e cuxa execución en espazos singulares sorprende, fascina e emociona.

Moitas veces, para comprender a grandiosidade da música só hai que presentala no lugar axeitado.


MANUEL MARTÍNEZ TORRES



RESIDENCIA ▶

6, 7, 8 E 9 | MOSTEIRO DE OIA  
VISITA LIBRE E DE BALDE

I RESIDENCIA ARTÍSTICA  
DE INTERPRETACIÓN  
HISTORICAMENTE INFORMADA



CONCERTOS ▶

VENRES 8 | 20:00 | CLAUSTRO DO MOSTEIRO  
POR LEIXA-PREN: RELECTURAS DO  
CANCIONEIRO DE AMIGO

GLOSALENTA

VENRES 8 | 21:00 | IGREXA DO MOSTEIRO  
AS SETE ÚLTIMAS PALABRAS DE CRISTO  
NA CRUZ

ALICERCE

SÁBADO 9 | 20:00 | IGREXA DO MOSTEIRO  
CONCERTO DE CLAUSURA

I COLORI DELL'ARMONIA + A CLÁSICA

ACTIVIDADES ▶

SÁBADO 9 | 11:00 | IGREXA DO MOSTEIRO  
OBRADOIRO DE DANZAS ANTIGAS

VENRES 8 E SÁBADO 9 | HORARIOS NAS PÁXS. 12-13  
VISITAS GUIADAS: IGREXA E MOSTEIRO

Reserva as entradas en Enterticket co QR superior

▶ RESIDENCIA

## MOSTEIRO DE OIA | 6, 7, 8 E 9 DE SETEMBRO I RESIDENCIA ARTÍSTICA DE INTERPRETACIÓN HISTÓRICAMENTE INFORMADA

Os días 6, 7, 8 e 9 de setembro terá lugar a primeira edición da residencia artística de interpretación historicamente informada, que terá como escenario o complexo cisterciense de Oia, que albergará nas súas numerosas estancias un proxecto de creación e reflexión arredor desta corrente artística.

Neste proxecto convidamos a profesionais da agrupación de danzas históricas Portingaloise - Asociación Cultural e Artística, e estudantes do Ginasiano Escola de Danza do Porto, a Escola Artística de Música do Conservatorio Nacional - EAMCN - de Lisboa e ao alumnado e profesorado do departamento de música antiga do Conservatorio Profesional de Música de Ourense coa premisa de xerar unha serie de propostas inéditas, froito do encontro entre artistas, patrimonio, música e danza.

Estas agrupacións traballarán no terreo para tecer unha programación creativa e viva, explorando e perdéndose nos distintos recunchos do Real Mosteiro de Oia. Esta residencia é un proxecto aberto guiado polos criterios de investigación, arte de proceso e *site specific*.

Por último, o repertorio de cada unha das accións traballadas durante a residencia será presentado polos artistas in situ, sendo

o contacto coa audiencia unha parte máis do proceso de investigación realizado e formará parte da programación do festival.

## PARTICIPANTES NA RESIDENCIA

### **Portingaloise - Asociación Cultural e Artística e Ginasio Escola de Danza**

Ana Beatriz Moreira, Anita Faria, Beatriz Aguiar,  
Carolina Conceição, Joana Magalhães, Mafalda Domingues,  
Maria Pedro e Raúl Sousa.

Coordinadores: Catarina Costa e Silva, Inês Negrão, Thiago Vaz

### **Conservatorio Profesional de Música de Ourense**

Sara Villar González, Roberto Coya Fernández, Laura Ibáñez  
Fondevila, Xiana Corderí Jardón, Carla Pedrosa Rey, Marcos  
Salgado Fernández, María Alonso, Alejandro Montes, Julia  
García-Arévalo Alonso, Alicia Alcayna Jesús e Francisco  
Victoria Cánovas

### **Escola Artística de Música do Conservatorio Nacional - EAMCN - (Lisboa)**

Flávia Castro, Francisco Júnior, Salvador Pinto, Maria Castro,  
Maria Araújo e Maria Saraiva

### **I Colori dell'Armonia**

Andoni Conde Villar e Mariña García-Bouso

► CONCERTO GLOSENTÁ

## VENRES 8 | 20:00 | CLAUSTRO DO MOSTEIRO POR LEIXA-PREN: RELECTURAS DO CANCIONEIRO DE AMIGO

No espectáculo musical e poético *Por leixa-pren: relecturas do cancionero de amigo* [2023] o proxecto Glosalenta propón revisitar a tradición lírica da cantiga de amigo medieval galego-portuguesa desde unha perspectiva calibrada entre unha interpretación histórica e propostas sonoras contemporáneas, repensando as fontes literarias orixinais autóctonas do noroeste da Península Ibérica dos séculos XII-XIV a través da viola de gamba e segundo modelos performativos actuais.

## INTÉRPRETES

Julia García-Arévalo Alonso, viola de gamba  
Hugo Milhanas Machado, voz

Reserva de invitacións a través de Enterticket

► CONCERTO CUARTETO ALICERCE

VENRES 8 | 21:00 | IGREXA DO MOSTEIRO

## AS SETE ÚLTIMAS PALABRAS DE CRISTO NA CRUZ


*As sete últimas palabras de Cristo na cruz* é, sen dúbida, un dos traballos máis profundos do seu autor, e ten a súa orixe nun inusual encargo. Cara a 1780 a sona de Haydn estendiase por toda Europa. Por aqueles anos o compositor, liberado xa da obriga de traballar exclusivamente para o príncipe de Esterházy, compuxo un bo número de obras por encargo: a este período pertencen *As sete últimas palabras de Cristo na cruz* escritas por un encargo en Cádiz.

Haydn escribiu a obra probablemente en 1786, e ao ano seguinte a editorial vienesa Artaria publicouna en tres versións: unha para orquestra –que sería a orixinaria–, unha segunda para cuarteto de corda, e unha máis en redución para piano.

Para enmarcar axeitadamente *As sete últimas palabras de Cristo na cruz* no seu contexto debemos referirnos ao destino que se pretendía dar á obra: O exercicio das tres horas era unha práctica relixiosa orixinaria das misións xesuítas do Perú e estendida dende mediados do século XVII en Hispanoamérica e, posteriormente chegou á península. Tiña lugar o Venres Santo entre as doce e as tres da tarde, e rememorando as sete palabras –sete frases– que pronunciou Xesús dende a cruz.

Reserva de invitacións a través de Enterticket

CONTINÚA LENDO...



### PROGRAMA

Joseph Haydn (1732- 1809)

*As sete últimas palabras de Cristo na Cruz*, Op.51 Hob.XX:1

- Introduzione. Adagio
- Sonata 1: Largo
- Sonata 2: Grave e cantabile
- Sonata 3: Grave
- Sonata 4: Largo
- Sonata 6: Adagio
- Sonata 6: Lento
- Sonata 7: Largo
- Il Terremoto. Presto e con tutta la forza

### INTÉRPRETES

Jorge Montes, violín

Roberto Santamarina, violín

María José Pámpano, viola

Carlos García, cello

SÁBADO 9 | 20:00 | IGREXA DO MOSTEIRO

## CONCERTO DE CLAUSURA

O peche deste festival chegará ao remate dos proxectos da residencia cunha proposta de concerto dirixida pola agrupación residente I Colori dell'Armonia e acompañada pola Orquesta Clásica de Vigo na Igrexa do Real Mosteiro de Oia. Este programa, conformado por obras Arcangelo Corelli a través do seu concerto da chiesa e Jean-Baptiste Lully coa súa coñecida *Suite da Armida*, baseada nos cantos II, V, X y XIV do poema de Torquato Tasso, *Xerusalén liberada*, composto en 1575. Estas pezas servirán como punto de encontro para que os integrantes da orquesta exploren e traballen baixo os presupostos estilísticos da interpretación historicamente informada.

Este concerto servirá como colofón ás distintas actividades propostas nesta semana de música concentrada no Real Mosteiro de Oia, polo que todos os participantes están convidados a formar parte desta orquesta.

Reserva de invitacións a través de Enterticket

## PROGRAMA

Arcangelo Corelli (1653-1713)

*Concerto da chiesa, op. VI, n.º 4 en re maior* (Concerti grossi)

- Adagio-allegro
- Adagio
- Vivace
- Allegro-allegro

Jean-Baptiste Lully (1632-1687)

*Suite da Armida*

## I COLORI DELL'ARMONIA

Andoni Conde Villar

Mariña García-Bouso

## ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO

Emma Alonso Ramonet, violín

Clara Lorenzo Castro, violín

David Carvajal, violín

Cristina Torres, violín

Víctor Martínez González, violín

Daniel Cabaleiro García, violín

Sara Miñán Pérez, violín

Lucía Costas Fernández, violín

Xulia Blanco Fernández, violín

Navia Núñez González, violín

Álvaro Pérez Bastos, violín

Alba Calleja Vázquez, viola

Gabriel Nogueira, contrabaixo

Alma Fernández, contrabaixo

## VISITA LIBRE AO MOSTEIRO DURANTE A RESIDENCIA

Os días 6 e 7 de setembro será posible visitar o Mosteiro de Oia nunha oportunidade única que coincidirá cos traballos, ensaios e os procesos artísticos que se realizarán no espazo durante a residencia nunha investigación en vivo aberta ao público.

### CANDO

Mércores 6 de setembro, de 17:00h a 19:00h

Xoves 7 de setembro, de 11:00h a 13:00h e de 17:00h a 19:00h

### PUNTO DE ENCONTRO

Entrada principal ao Real Mosteiro de Oia

Entrada libre e de balde

## VISITA GUIADA Á IGREXA DO MOSTEIRO

A Igrexa do Real Mosteiro de Oia foi restaurada recentemente e o seu párroco, Don Daniel, ofreceranos unha visita guiada ao templo para coñecer os distintos espazos e fases construtivas.

### CANDO

Venres 8 de setembro de 16:00h a 17:00h

Sábado 9 de setembro ás 12:00h a 13.30h

### PUNTO DE ENCONTRO

Punto de encontro: Igrexa do Real Mosteiro de Oia

Entrada de balde previa reserva en Enterticket

## VISITA GUIADA AO MOSTEIRO

Por cortesía do Real Mosteiro de Oia ofreceremos visitas guiadas para coñecer da man dos seus responsables as distintas capas historia deste complexo, explorando os espazos do mosteiro.

### CANDO

Venres 8 e sábado 9 de setembro de 18:00h a 19.00h

### PUNTO DE ENCONTRO

Punto de encontro: Entrada do Real Mosteiro de Oia

Entrada de balde previa reserva en Enterticket

## OBRADOIRO

## DANZAS ANTIGAS

O Sábado 9 de setembro será posible asistir a un obradoiro de danzas antigas ofrecido por Portingaloise - Asociación Cultural e Artística e dirixido por Catarina Costa e Thiago Vaz. Esta actividade está destinada ao público non iniciado co obxectivo de coñecer, entender e valorar esta arte dende a práctica.

### CANDO

Sábado 9 de setembro de 11:00h a 13:00h

### ONDE

Sagrestía da Igrexa do Mosteiro de Oia

De balde ata completar a capacidade previa reserva en Enterticket



#### **PORTINGALOISE – ASOCIACIÓN CULTURAL E ARTÍSTICA**

Portingaloise é unha asociación sen fins lucrativos dedicada á divulgación da Danza Antiga (danza europea dos séculos XV a XVIII), polas vías performativa e formativa, así como pola promoción de repartición de investigación científica. Está constituída por artistas de formación versátil – danza, música, teatro, historia da arte – que comungan do amplo interese polas artes do espectáculo na época moderna, orientándose pola interpretación historicamente informada a partir da consulta asidua de documentos antigos. Xorde en 2015 cando, paralelamente á actividade artística, desenvolve actividades pedagóxicas, presenta traballos de investigación e organiza regularmente o Portingaloise – Festival Internacional de Danzas e Músicas Antigas.

#### **GINASIANO ESCOLA DE DANZA**

O Ginasio Escola de Danza (GED) é unha institución privada con estatuto de utilidade pública, dedicada ao Ensino Artístico Especializado da Danza, recoñecida polo Ministerio de Educación desde 1987, con autonomía pedagóxica. O GED imparte os Cursos Artísticos Especializados no ámbito da Danza de nivel Básico (2º e 3º ciclo) e Secundario, en réxime articulado co Ministerio de Educación, e o Infantil e Curso Iniciacións en Danza (1º ciclo). O ano lectivo 2021/2022, o GED,

abre, por primeira vez, o Curso Secundario de Canto, inserido no Ensino Artístico Especializado de Música, en réxime articulado co Ministerio de Educación, dando inicio a unha nova área de ensino artístico especializado. En 2022/2023, o GED, abre o Curso Básico de Teatro, en réxime articulado co Ministerio de Educación, dando inicio a unha nova área de ensino artístico especializado. Ten como misión promover a educación artística garantindo a excelencia da súa formación, tanto a nivel técnico-artístico, como a nivel académico, establecer pontes co mundo profesional e coa comunidade na que se insire, co obxectivo de consolidar o desenvolvemento individual de cada un dos seus alumnos e alumnas e constituírse como punto de referencia de cidadanía comprometida, tanto no seu proxecto educativo, como asociándose a outros proxectos.

#### **ESCOLA ARTÍSTICA DE MÚSICA DO CONSERVATORIO NACIONAL (EAMCN)**

A Escola Artística de Música do Conservatorio Nacional (EAMCN) é unha institución de prestixio cunha longa tradición no ensino da música. Esta escola, localizada en Lisboa, é unha icona indiscutible no panorama musical portugués. Foi fundada en 1835, sendo o seu primeiro director, o pianista e compositor, João Domingos Bomtempo (1775 -1842). Ao longo dos anos, a escola formou músi-

cos e artistas nos máis variados instrumentos, desde as cordas, aos metais e ás madeiras, pasando pola percusión, harpa, laúde, cravo, viola de gamba, guitarra, órgano e piano. En 2021 abriu o curso básico de canto para nenos a partir de 10 anos e o mesmo ano abriu tamén o curso profesional de jazz. A escola atrae alumnos e alumnas desde todos os puntos do país, ofrecendo un ambiente moi propicio para a formación artística e musical de quen a practica.

Os/as alumnos/as poden acceder ao conservatorio a partir dos 6 anos, aínda que hai instrumentos cos que non poden comezar ata os 8 anos, como o óboe, os 10 anos, como o canto, ou os 15, como o jazz. O alumnado que forman parte desta residencia artística, cursa actualmente o 4º grao – Maria Brazinha, soprano, o 5º grao – Maria Saraiva, mezzo-soprano, o 6º grao – Maria Castro, violoncelo e o 8º grao - Salvador Pito, violín.

#### **GLOSALENTA**

Formado no ano 2019, Glosalenta é un proxecto artístico multidisciplinar que combina sonoridades e repertorios de música antiga con rexistros performativos contemporáneos como o *spoken word* ou a radiofonía, investigando formas de diálogo entre o discurso musical, o literario e a proxección escénica. Realizou espectáculos no ámbito do Festival Internacional das Artes de Castela e León

(Salamanca, 2019), no Camões – Centro Cultural Portugués en Vigo (2020), no Auditorio de Nigrán (2023) e en Wells Libros (Cangas, 2023). Hugo Milhanas Machado (Lisboa, 1984). Escritor e poeta, performer, músico experimental, doutor en Filoloxía Moderna. Julia García-Arévalo Alonso (Salamanca, 1985). Violagambista, cantante, doutora en Filoloxía Hispánica, docente no Conservatorio Profesional de Música de Ourense.

#### **Alicia Alcayna Jesús**

Cursa estudos de piano e cravo na súa cidade natal, Valencia, completou posteriormente a súa formación no conservatorio de Toulouse e recibiu clases do profesor Antonio Millán en Madrid. Ademais asistiu a diversos cursos con prestixiosos clavecinistas como Keneth Gilbert, Pierre Hantaï, Willem Jansen, Robert Kohnen e Enrico Baiano. Colaborou con diferentes agrupacións musicais como Collegium instrumentale, Turia Camerata, Orquesta Vigo 430, Orquesta de Cámara Galega, etc., e en grabacións co grupo vocal Victoria Musicae, ademais de ser membro de diferentes grupos de cámara como Zelenka Ensemble, Trío La Maresienne, La Sylva, Quadro Helenes. Dende 1996 é profesora de cravo no CMUS profesional de Ourense.

#### **ALICERCE**

**Alicerce** é unha formación pioneira en Galicia na abordaxe do

repertorio para cuarteto de corda dos períodos Clásico e do primeiro Romanticismo sobre instrumentos de época. Seguindo os criterios da interpretación historicamente informada, o cuarteto pretende dar vida ás obras de grandes compositores clásicos considerando as prácticas interpretativas e estilísticas do momento no que foron creadas, así como o tipo de instrumentos usados na época. Desde a súa formación, no ano 2016, Alicerce vén participando en diferentes festivais e ciclos como De lugares e Órganos (Santiago de Compostela), Festival Música no Camiño (Ourense), Músicas Mesturadas (Lugo), II Ciclo de Música de la Ilustración (Utrera)... e acompañando a destacados solistas como Rosana Orsini, Nera Berraondo, José Manuel da Pena, Coro Cantáble ou Alberto Miguez, entre outros.

Nesta ocasión, coa interpretación das *As sete últimas palabras de Cristo na Cruz*, Op.51 de J. Haydn o cuarteto Alicerce ofrece un programa de concerto de música sacra no que dan vida a unha das obras máis relevantes da música clásica escrita para cuarteto

de cordas. Acompañados por un narrador ofrecen unha posta en escena na que o espectador poderá adentrarse na espectacular obra do compositor austríaco, representante do período clásico europeo.

#### I COLORI DELL'ARMONIA

I Colori dell'Armonia, grupo especializado na interpretación de música historicamente informada dos séculos XVII e XVIII, xorde no ano 2010 na cidade do Porto dentro do ámbito académico da ESMAE. Procedentes todos dun mesmo lugar xeográfico, parecía lóxico que unisen os seus esforzos para difundir a música antiga a máis e, sobre todo, achegala a novos públicos en Galiza.

Formado por Mariña García-Bouso e Andoni Conde (violíns), a súa constitución adáptase aos diferentes programas a interpretar. Deste xeito, contan entre as súas colaboracións máis habituais con baixos melódicos (viola da gamba, violoncelo), instrumentos de corda pulsada (tiorba, guitarra) e voz (soprano, tenor). Desde ese ano 2010, o grupo vén dando concertos en diferentes puntos das penínsulas Ibérica e Itálica.

▶▶ PROXIMAMENTE ▶▶

▶▶ orquestac | asica. com ▶▶



▶▶ orquestac | asica. com ▶▶

**a clásica**

◀◀ TEMPADA 23.2 ◀◀

# a clásica



DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA



XUNTA  
DE GALICIA



REAL  
MOSTEIRO  
DE OIA

